

ENTREVISTA

Oescenario de A cova das Vacas Mortas é, como xa ocorrera con Casa Skylab, Negueira de Muñiz. Por que volve ambientar a acción nesta vila?

-Porque é un sitio que me sorprende moito. É unha vilela d'Os Ancares, con poucos habitantes, e alí hai o que foi unha comuna hippy, que agora xa non existe. E, se vas á escola unitaria de Negueira de Muñiz, á que asisten uns trinta rapaces, escoitas falar en diferentes linguas: alemán, sueco, inglés ... algo que me abraiou e que me pareceu que daba moito xogo literario. É un sitio que me fascina por iso, porque é un lugar pequeno e afastado de todos, pero no que hai xente de todo o mundo.

-E, como en Cabaret Voltaire, volven aparecer Alemaña, os nazis... É Vde. xermanófilo?

-Teño certas teimas, e unha delas si que é a xermanofilia. Non teño a máis mínima simpatía polos nazis, como queda claro, pero é un tema que me interesa. Como xa dixen con Cabaret Voltaire, sempre me sorprende moito como o pobo alemán, o máis culto e máis desenvolvido nese momento, acabou facendo as barbaridades que fixo.

-Que o atrapou da directora alemá Leni Riefenstahl, para convertela nun dos eixos sobre os que xira o libro?

-Foi unha muller que viviu case cen anos e tivo unha vida apaixonante. Comezou facendo películas de montaña, moi atléticas, e revolucionou o cine coas novas técnicas que inventou mentres traballaba para os nazis. Estivo vivindo cos nubes en África, comezou a practicar submarinismo con máis de setenta anos... Pero o que me interesou moito dela, porque esta é unha novela sobre responsabilidades, é que participou de todo ese réxime nazi documentándoo, filmando o Congreso do Partido, as Olimpíadas de Berlín... pero logo dixo que non tivera nada que ver con todo aquilo, que simplemente era unha técnica.

-Sen descubrir a trama, como se lle ocorreu esa sorprendente relación que fai, ao final do libro, entre o nazismo e Galicia?

-Non podo respostar de xeito preciso, para non desvelar detalles, pero con ler Galicia en guerra, de Eduardo Rolland, os vínculos entre o nazismo e Galicia quedan bastante claros. Houbo moita relación entre Franco e os nazis, a pesar de que el quixera logo desmentilo. De feito, no Estado houbo moitos mestres dando clases de alemán e moitos alemáns facendo negocios en Galicia...

-Xoel, o protagonista, ten que madurar ás presións, polas situacións que vive; quere fuxir da vida no Foxo... Como construíu a personaxe?

-É unha personaxe un pouco complicada, porque se trata dun rapaciño de 16 anos, sen pai recoñecido, cunha nai que é un desastre e cun avó con Alzheimer. Ten que asumir todo isto, porque sabe que, se non o fai el, non o vai facer ninguén. E, sobre o que dicías de que quere marchar de Foxo... Hai moita xente que pensa que a vida nestes lugares é marabillosa pero, en realidade, a un pouco que se coñeza, ves que, a que leva esta xente, é unha vida miserable.

-Vostede ten dito que non lle interesa dar leccións nin tampouco orientar nos valores morais. Coida que hai moito diso nas novelas xuvenís?



SANTY LOPEZ

Jaureguizar

“Son un tipo raro no sistema literario galego, só porque digo o que penso”

Vén de saír do prelo A cova das Vacas Mortas (Xerais), coa que Jaureguizar gañou o I Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil; unha novela sobre responsabilidades e compromisos, na que a barbarie nazi e a figura de Leni Riefenstahl irrompen de xeito sorprendente na vida de Xoel, un adolescente da comuna de Negueira de Muñiz



NATALIA ÁLVAREZ

-Abunda bastante. Son libros aos que lle dan premios, moi promovidos por algúns editores, pero logo os rapaces parecen non interesarse moito por eles. Eu intento propoñer temas éticos, e coido que neste libro hai bastantes temas éticos, como a responsabilidade dos crimes nazis, pero para que logo sexan os rapaces os que os debatan.

-Enfróntase do mesmo xeito á escrita dunha novela para mozos que a doutra para adultos?

-Escribo bastante parecido. O outro día lía unha crítica na que se dicía que este libro estaba nun estilo sinxelo porque era para rapaces. Pero eu escribo sempre así, non cambio a fórmula polo feito de dirixirme aos rapaces. O que podo facer é non entrar en tantas reflexións; é dicir, facer libros con máis ritmo, máis rápidos, pero non hai grandes diferenzas. De feito, creo que este libro pode ser lido por adultos perfectamente.

-O xurado do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil resaltou de A cova das vacas mortas a riqueza temática, a capacidade de construción do protagonista, de diálogos e ambientes... Imaxino que se sentiría moi satisfeito, tendo en conta a “teima” que ten, precisamente, con todos estes elementos que caracterizan ao xénero novela.

-As novelas son trama, estrutura, personaxes e ritmo. E neste país hai unha serie de embaucadores que intentan facernos pasar as prosas poéticas por novelas, porque non as saben facer realmente. Coido que cada vez queda máis claro que os mellores novelistas que temos son os de literatura infantil e xuvenil. Eu sempre cito a Xabier Docampo, Agustín Fernández Paz, Xosé Miranda, Neira Cruz... Eles son os que dominan as técnicas da novela; o outro son artificios, son poetas que se meteron a novelistas porque se venden máis libros, pero que non saben facer novelas.

-Nas súas Brétemas (bretemas.blogspot.com), Manuel Bragado vén de anunciar a presentación virtual de A cova das Vacas Mortas con presenza de blogueiros, así como a apertura dunha web específica da obra. Que opina destas formas de promoción?

-Temos que ir buscando xeitos novos para promocionar os libros, porque creo que as presentacións, nas que un amigo teu fala ben da túa obra, non teñen moito sentido, porque todos entendemos que iso ten moito de ritual. Internet é o medio máis importante nestes momentos e creo que a promoción dos libros ten que entrar nel. Penso, ademais, que ten que ser o medio central, máis que outros.

-Internet para a promoción, pero tamén para a polémica; porque, primeiro con Facendo amigos, e agora con Cabaret Voltaire (cabaretvoltaire.canalblog.com), é moi afeccionado a polemizar sobre o sistema literario galego...

-Creo que son un tipo un pouco raro no sistema literario galego, simplemente porque digo o que penso, cousa que aquí non se fai nunca... en público. Gustaríame moito que a xente escoitase as cousas que din os escritores, os editores... en privado. Neste país hai un gran medo a dicir segundo que clase de cousas en público, e cando alguén as di... pois, claro, acaba sendo unha persoa polémica.